



EL OBISPO DE MONDOÑEDO - FERROL


DECRETO POR EL QUE SE APRUEBA EL DIRECTORIO DEL ARCIPRESTAZGO Y DEL ARCIPRESTE DE LA DIOCESIS DE MONDOÑEDO-FERROL

**DON LUIS ANGEL DE LAS HERAS BERZAL, CMF, POR LA GRACIA DE
DIOS Y DE LA SEDE APOSTÓLICA, OBISPO ELECTO DE LEÓN Y ADMI-
NISTRADOR DIOCESANO DE MONDOÑEDO-FERROL**

La Diócesis, porción del Pueblo de Dios que se confía a un Obispo para que la apaciente con la cooperación del presbiterio, está dividida en arciprestazgos para fomentar y coordinar la actividad pastoral de las parroquias que la forman. Al frente de este territorio está el arcipreste, cuya función debe cumplir como vicario foráneo del Obispo en el ámbito de su demarcación estando atento a las necesidades de la vida y ministerio de los sacerdotes; a la salvaguarda de la santidad y recta celebración de los misterios de la fe; al cuidado y decoro de las iglesias, santuarios y ermitas; en particular atento a la custodia del Santísimo Sacramento y de los libros parroquiales, así como a la administración de los bienes de la Iglesia. (C.I.C., can. 555)

Por todo ello, oído el parecer del Consejo Presbiteral y visto el informe favorable del Vicario Judicial, a tenor de los cánones 553, 554 y 555 del vigente C. I. C, por las presentes, **APROBAMOS** el Directorio del Arciprestazgo y del Arcipreste para la Diócesis de Mondoñedo-Ferrol

Dado en Ferrol, a 14 de diciembre de 2020



Por mandato de S. Excia. Rvd.

Félix Villares Mouteira
Canciller Secretario General

DIOCESE DE MONDOÑEDO - FERROL

DIRECTORIO DO ARCIPRESTADO E DO ARCIPRESTE

1. INTRODUCIÓN

A figura do arciprestado e o Arcipreste teñen longa tradición na organización pastoral da Igrexa particular. O seu número e importancia foi variando ao ritmo das necesidades pastorais e da complexidade da vida da nosa Igrexa Diocesana de Mondoñedo-Ferrol.

O Concilio Vaticano II no Decreto *Christus Dominus* n.º 30, ao falar dos párrocos como "colaboradores principais" do Bispo, indica que "han de colaborar coas outras parroquias e cos sacerdotes que exercen a súa función pastoral no territorio (como son, por exemplo, os arciprestes ou decanos) ou dedicados a obras de carácter supra parroquial, para que a pastoral na Diocese non careza de unidade e sexa máis eficaz". Os documentos posteriores, sobre a aplicación do Concilio, desenvolveron a figura do arciprestado e o Arcipreste. O Motu Proprio *Ecclesiae Sanctae*, promulgado por Paulo VI, lembra a súa importancia (I, n.º 19). E no Directorio Pastoral dos Bispos *Ecclesiae Imago*, publicado pola Congregación de Bispos o 22 de febreiro de 1973, insístese na gran estima que o Bispo debe ter polos arciprestados (n.º 185). O Código de Dereito Canónico, promulgado en 1983, recolleu esta doutrina e normativa nos canons 553-555, configurando o arciprestado como figura non só administrativa senón tamén pastoral. O Directorio para o Ministerio Pastoral dos Bispos *Apostolorum Successores* encomenda ao derecho particular establecer "un estatuto común, que o Bispo aprobará despois de escoitar ao Consello Presbiteral" (n.º 217).

O presente Directorio pretende regular a actividade pastoral dos arciprestados e potenciar a figura do Arcipreste de maneira que o arciprestado sexa verdadeiro "ámbito e instrumento de comuñón" (Xoán Paulo II, Carta *Novo Millennio Ineunte*, 44) e da misión evanxelizadora.

2. O ARCIPRESTADO: FINALIDADES E ORGANIZACIÓN

A Diocese de Mondoñedo-Ferrol organízase en parroquias e unidades pastorais (UPA). Por zonas xeográficas, estas únense en grupos peculiares aos que chamamos arciprestados (c. 374, 2). O decreto de constitución dos mesmos determinará a súa distribución e amplitude.

O arciprestado fai presente que a vida cristiá e a evanxelización non son algo individual nin autosuficiente, senón que precisa e demanda a colaboración e a implicación de todos os fieis e de todas as comunidades.

En liñas xerais estas son as súas finalidades:

- Posibilitar unha programación pastoral de conxunto.
- Desenvolver instancias comúns a todo o arciprestado: Consello Pastoral, Cáritas Arciprestal, etc.
- Promover a formación e a participación dos leigos no desenvolvemento das Unidades Pastorais (UPA).
- Animar e posibilitar unha pastoral especializada, que responda aos diversos sectores: familia, mozos, Cáritas, liturxia, catequese, enfermos, economía...
- Coordinar as comunidades de vida consagrada, estimulando a súa colaboración na pastoral común.
- Estimular a renovación dos servizos parroquiais de acordo coas liñas pastorais da Diocese.

Nos arciprestados intégranse o Arcipreste, os párrocos e sacerdotes con oficio pastoral, sacerdotes xubilados e residentes, diáconos, comunidades de vida consagrada, asociacións e movementos apostólicos, e fieis que residen ou colaboran no ámbito das parroquias que o integran (c. 374).

Á fronte do arciprestado está o arcipreste, que desempeñará as súas funcións axudado e aconsellado polo Consello pastoral arciprestal (CPA), polo conxunto dos sacerdotes do arciprestado, e polos demais axentes de pastoral. O Consello pastoral arciprestal representa á totalidade do Pobo de Deus presente no arciprestado; a súa organización e funcionamento estará regulado polos estatutos que se inclúen neste directorio.

3. O ARCIPRESTE

É un sacerdote nomeado polo Bispo para promover, moderar e coordinar a pastoral común nese territorio (c. 553,1).

O seu servizo non está vinculado a unha determinada parroquia (c. 554, 1), podendo ser nomeado para este cargo calquera dos sacerdotes con cura de almas no arciprestado que conte cunha necesaria autoridade moral e con capacidade para fomentar a comuñón, o diálogo e a participación.

Consultados os membros do Consello Pastoral Arciprestal, o Bispo elixe e nomea Arcipreste, por un período de cinco anos, a aquel a quen considere idóneo segundo as circunstancias de lugar e de tempo, podendo ser renovado no cargo (554 § 1-2).

Deberes e dereitos do Arcipreste

A) No que respecta á pastoral:

- Animar e coordinar unha pastoral común, expresánta-a nunha programación detallada.
- Convocar, presidir e moderar as reunións de sacerdotes do Arciprestado e o Consello Pastoral Arciprestal (CPA).
- Presentarlle ao Bispo a programación pastoral do Arciprestado e unha memoria da mesma ao final do curso.
- Representar o Arciprestado ante as institucións.
- Procurar que se coide a administración dos bens eclesiásticos, a custodia dos obxectos de valor histórico, artístico ou documental, así como a actualización dos inventarios.
- Presidir, en ausencia do Bispo e do Vicario, as celebracións de carácter diocesano ou arciprestal que teñan lugar no seu territorio.
- Presidir, en ausencia do Bispo ou do Vicario, a entrada dun novo párroco.
- Presidir a celebración do matrimonio cando o párroco ao que lle corresponde non puidera asistir ou non concedera delegación para tal acto (c.1111), para o que deberá recibir a preceptiva delegación do Ordinario.

B) No que respecta ao presbiterio:

- Fomentar a fraternidade sacerdotal e a participación de todos nas reunións de sacerdotes do Arciprestado, así como nas do Consello pastoral.
- Velar pola formación permanente.
- Procurar que se asuma a programación pastoral diocesana, revisando a súa aplicación nas parroquias.

- Ocuparse das necesidades dos sacerdotes, especialmente dos que pasan por situaciones difíciles, e dos enfermos, coidando así mesmo a celebración do funeral dos sacerdotes falecidos (c. 555, 3) e o acompañamento ás súas familias.
- Aconsellar sobre a idoneidade no nomeamento de párrocos.
- Preocuparse dunha recta e coidada celebración litúrxica e do coidado e decoro dos templos (c. 555, 1, 3º), así como da distribución dos óleos sagrados.
- Custodiar os documentos e demais obxectos dos sacerdotes falecidos.
- Asumir, provisionalmente, como administrador parroquial, xunto cos demais sacerdotes do Arciprestado, as vacantes que teñan lugar, con todos os dereitos e deberes que lle correspondan (c. 540).

C) No que respecta ás institucións:

- Informar ao Bispo e ao Vicario de todo o referente ao Arciprestado, da programación para cada curso e das dificultades en que se encontran os sacerdotes.
- Acompanhar ao Bispo na visita pastoral se non o impide outros servizos pastorais.
- Intercambiar experiencias, unificar criterios e potenciar a acción pastoral común, participando nas reunións do Colexio de Arciprestes.
- Procurar a presenza das vicariás na pastoral arciprestal.

O Arcipreste cesa no seu servizo:

- Ao expirar o tempo para o que foi elixido, podendo ser renovado no cargo.
- Se é destinado a outro Arciprestado.
- Por renuncia escrita, dirixida ao Bispo, ou por remoción, cando se dá unha causa xusta e proporcionada (c. 554, 3).

4. O EQUIPO DE SACERDOTES DO ARCIPRESTADO

Está formado polos sacerdotes nomeados polo Bispo para desempeñar unha tarefa pastoral no arciprestado; tamén se incorporan a el os diáconos, así como os seminaristas que estean adscritos a algunha das parroquias na súa etapa pastoral. Tamén poden participar, con voz pero sen voto, os sacerdotes xubilados, e outros domiciliados no Arciprestado, áinda que non teñan cargo pastoral.

As reunións de sacerdotes do arciprestado promoverán ante todo o encontro e a fraternidade entre os membros do equipo, a animación espiritual, a participación nos plans pastorais, a formación permanente e a axuda mutua. Nelas tamén se coidará a acollida dos que se incorporan ao Arciprestado e se coordinar as substitucións en caso de ausencias ou vacacións.

A principio de curso elaborarase o calendario de reunións, que se han de preparar coidadosamente, e que han de contar, ordinariamente, con estes elementos: oración e reflexión espiritual, estudio e formación, revisión e planificación pastoral, convivencia amistosa e fraterna. Como mínimo tería que haber unha ao mes, e cada certo tempo sería conveniente, tamén, un encontro de descanso festivo e fraternal.

O Arcipreste convoca, preside e modera as reunións, fixando previamente a orde do día que corresponda. Cada Arciprestado contará cun Libro de Actas, no que se recolla a memoria do tratado nas reunións e sobre todo dos acordos adoptados, para o que se designará a un dos membros para que faga de secretario/a.

A boa marcha do Arciprestado vai depender en gran medida da coordinación da actividade pastoral común, e esta, á súa vez, vai ligada ás reunións periódicas nas que se comparte vida, amizade, fraternidade, oración e traballo.

Pola súa condición, estas reunións e demais iniciativas destinadas a fomentar a fraternidade son especialmente vinculantes e teñen prioridade sobre calquera outra actividade, de maneira que non se ve xustificación para unha ausencia habitual ás mesmas.

Para recoñecer e respectar o papel dos demais axentes de pastoral do arciprestado e do Consello arciprestal, a elaboración, realización e revisión do plan pastoral arciprestal levarase a cabo de forma coordinada entre o equipo de sacerdotes e o CPA. O arcipreste buscará o modo de artellar esa coordinación, por exemplo mediante reunións conxuntas da Comisión Permanente do Consello e o equipo de sacerdotes, que poden incluso estar abertas a outros axentes pastorais, en particular as persoas consagradas con servizo pastoral no arciprestado.

5. O CONSELLO PASTORAL ARCIPRESTAL. ESTATUTOS

CAPÍTULO I: DA NATUREZA DO CONSELLO PASTORAL ARCIPRESTAL

Art. 1.- O Consello Pastoral Arciprestal (CPA) é un órgano de carácter consultivo, representativo das parroquias e unidades pastorais que integran o Arciprestado, e ordenado a ser expresión dunha Igrexa de misión para a comuñón e servir de instrumento eficaz para unha pastoral de conxunto e articulada.

Como organismo para vivir e exercer a corresponsabilidade de todo o Pobo de Deus, sacerdotes, relixiosos e laicos, nel intégranse a través das parroquias o resto de comunidades, movementos e asociacións, presentes nas parroquias e unidades pastorais (UPA).

CAPÍTULO II: FUNCIÓNS DO CONSELLO PASTORAL ARCIPRESTAL

Art. 2.- Son funcións propias e específicas do CPA:

- Promover a conciencia de arciprestado, facilitar o encontro, o coñecemento mutuo e a colaboración entre os representantes das diversas parroquias e Unidades Pastorais, así como de comunidades relixiosas, movementos e grupos apostólicos do Arciprestado.
- Buscar as respostas pastorais máis axeitadas á realidade pastoral do Arciprestado por medio da reflexión e do diálogo desde a fe e a comuñón eclesial.
- Ser instrumento eficaz dunha pastoral de conxunto e articulada para as parroquias e UPA que componen o arciprestado, e para promover a realización conxunta de accións que non poden levar a cabo as parroquias ou outras institucións, movementos... por separado, podendo fomentar a interrelación entre diversos grupos ou equipos dentro do mesmo Arciprestado.
- Programar a acción pastoral arciprestal en conexión coa programación diocesana con obxectivos e accións arciprestais; animar esta acción e revisala; suxerir modos de coordinación da acción pastoral das diversas parroquias e UPA do Arciprestado; avaliar o resultado das diversas accións pastorais levadas a cabo no Arciprestado e axudar a secundar nas Parroquias e UPA as orientacións emanadas dos diversos organismos diocesanos.
- Procurar que nas parroquias e UPA do Arciprestado se programe cada curso, tendo en conta a programación diocesana e arciprestal.

- Ser instrumento de comuñón entre o Consello Pastoral Diocesano e os Consellos Pastorais parroquiais ou das UPA no referente á pastoral de conxunto.
- Fomentar a comuñón para a misión entre todos os axentes de pastoral, potenciando a súa formación permanente.
- Prestar atención ás necesidades das distintas parroquias, ofrecendo solucións desde unha pastoral de conxunto e seguindo as orientacións da pastoral diocesana.
- Fomentar encontros dos diversos axentes de pastoral do Arciprestado, e encontros entre os fieis do mesmo.
- Colaborar coas Vicarías na articulación da pastoral sectorial e de ambientes.

CAPÍTULO III: DA COMPOSICIÓN E DOS MEMBROS DO CONSELLO PASTORAL ARCIPRESTAL

Art. 3.- Pola propia natureza do CPA tódolos seus membros deben ser persoas bautizadas, que estean en plena comuñón coa Igrexa católica, e cunha vida coherente coa fe cristiá, así como que se caractericen pola súa capacidade para tratar e valorar os asuntos pastorais con espírito eclesial e interese polo arciprestado.

Art. 4.- Son membros natos do CPA:

- a) todos os presbíteros e diáconos con misión pastoral no arciprestado;
- b) todos os consagrados con plena dedicación pastoral no ámbito do arciprestado;
- c) os leigos que foran nomeados ou designados para desempeñar a coordinación nalgún ámbito pastoral a nivel arciprestal (Cáritas, catequese, pastoral xuvenil, etc.)

Art. 5.- Son membros elixidos do CPA:

- a) un membro por cada Consello pastoral parroquial, interparroquial ou UPA. As Parroquias ou as UPA, que superen os 3000 habitantes poderán sumar un membro máis; só se estes órganos non estivesen ainda constituídos serían designados polo párroco respectivo;
- b) un representante de cada unha das comunidades de institutos de vida consagrada presentes no arciprestado e que non disponan de representación en virtude do art. 4.

Art. 6.- Para completar o número de integrantes do CPA poderán designarse ata un máximo de outros tres membros, cando se considere que a contribución dalgunha persoa pode ser especialmente relevante. A designación correspónelle ó Presidente do CPA, que terá en conta o parecer dos párrocos do arciprestado.

Art. 7.- Os membros natos forman parte do CPA mentres dure a condición pola que entraron nel. Os membros elixidos e os designados serán por un período de catro anos, renovable. Non se limita o número de períodos que se pode pertencer ó CPA; con todo, coidarase que se combine certa continuidade coa necesaria renovación periódica.

Art. 8.- Os membros do CPA teñen dereito a:

- a) ser convocados formalmente e coñecer con suficiente antelación a orde do día da próxima reunión;
- b) participar con voz e voto en todas as sesións;

c) ser elixidos para formar parte da Comisión Permanente, así como das comisións e grupos de traballo que o Consello estime oportuno constituir.

Art. 9.- Son obrigas dos membros do CPA:

- a) asistir con puntualidade a todas as reunións que se convoquen, tanto ordinarias como extraordinarias, salvo grave impedimento, debendo comunicar con antelación a imposibilidade de acudir;
- b) estudiar a fondo, persoalmente ou coa axuda de outros, os temas e asuntos da orde do día de cada sesión, manifestando o seu parecer con liberdade, sinceridade e responsabilidade;
- c) comunicar os acordos e propostas ás que chegou o Consello no ámbito ao que representan, gardando discreción tanto sobre as opinións particulares expresadas como sobre as votacións realizadas no seo do Consello.

Art. 10.- Todo membro validamente elixido pode presentar a súa renuncia ao Arcipreste, que considerará a súa aceptación ou non. Ademais, o CPA poderá cesar a un dos seus membros, tras escoitalo, cando:

- a) deixe de cumplir as condicións e requisitos establecidos nestes estatutos;
- b) actúe contra os fins do CPA;
- c) a súa conduta dane gravemente a imaxe ou vaia contra os principios da comunidade eclesial;
- d) deixe de asistir inxustificadamente a varias reunións consecutivas.

As vacantes que se produzcan cubriranse mediante a elección dun novo representante, de acordo co establecido no artigo 5.

CAPÍTULO IV: DA ESTRUCTURA E FUNCIONAMENTO DO CONSELLO PASTORAL ARCIPRESTAL

Art. 11.- O CPA está composto por órganos colexiados e órganos persoais. Son órganos colexiados a Asemblea Plenaria (AP) e a Comisión Permanente (CP), e órganos persoais o Presidente e o/a Secretario/a.

Art. 12.- A Asemblea Plenaria está formada pola totalidade dos membros do CPA, sendo as súas competencias todas as previstas para o propio CPA nestes estatutos. O Pleno do CPA reunirse en sesión ordinaria polo menos dúas veces ao ano: ao principio do curso pastoral para, entre outras cousas, programar; e ao final do curso, para facer seguimento e avaliar.

Reunirse en sesión extraordinaria sempre que o estime necesario o Presidente, a Comisión Permanente ou un terzo dos membros do Consello.

Art. 13.- Co obxecto de facilitar o traballo continuado do CPA e velar polo cumprimento dos acordos da Asemblea Plenaria, constituirase unha Comisión Permanente, que estará formada polo Arcipreste, presidente nato, o Secretario do CPA, un sacerdote e entre dous e catro membros non sacerdotes elixidos polo Pleno.

Art. 14.- A Comisión Permanente ten as seguintes competencias:

- a) ser o órgano de expresión ordinaria do CPA entre cada reunión da asemblea plenaria;
- b) velar, nese sentido, polo cumprimento dos acordos adoptados pola Asemblea Plenaria, tomando as decisións necesarias a ese fin; así como levar a cabo as tarefas que esta lle encomende;

- c) asesorar ao Presidente na elección da data da próxima Asemblea Plenaria e na elaboración da súa orde do día, así como sobre o método de traballo a seguir nelas;
- d) tratar aqueles asuntos que non poidan esperar á reunión da Asemblea Plenaria, ou valorar se pola súa gravidade precisan da convocatoria dunha Asemblea extraordinaria;
- e) decidir a participación dalgunha persoa allea ó CPA nas súas reunións, de acordo co artigo 22.

Art. 15.- A CP decidirá a periodicidade das súas reunións, pero o Presidente poderá convocala sempre que o considere necesario. Tamén a convocará cando así llo pida a maioría dos seus membros.

Art. 16.- Para garantir a estabilidade no traballo da CP procurarase que a renovación dos seus membros non se efectúe dunha vez, senón de forma paulatina.

Art. 17.- O Arcipreste é o Presidente do CPA; na súa ausencia preside o Consello quen faga as súas veces no arciprestado.

Art. 18.- Son funcións do Presidente do CPA fundamentalmente as seguintes:

- a) convocar e presidir as súas reunións, tanto da AP como da CP, así como moderálas, por si mesmo ou designando a outro membro do Consello;
- b) decidir ou aprobar a orde do día das sesións;
- c) someter ó CPA cantos asuntos estime oportunos, por si ou por suxestión doutros;
- d) velar polo cumprimento dos acordos do CPA e coordinar tódalas súas actuacións;
- e) representar ordinariamente ó CPA, agás naqueles casos nos que se designe outro representante;
- f) dar o visto bo ás actas das sesións do Consello trala súa aprobación.

Art. 19.- O/a Secretario/a será designado pola CP de entre os seus membros. Son as súas funcións:

- a) levantar acta de cada reunión do CPA, tanto da AP como da CP, que deberá ser aprobada na seguinte sesión;

- b) custodiar o libro de actas, e levar o rexistro dos membros actuais do CPA;
- c) dar fe, co visto e prace do presidente, dos acordos do CPA;
- d) enviar a convocatoria das reunións do CPA, de acordo co Presidente.

Art. 20.- A CP poderá asignar ós membros outras responsabilidades concretas, tanto de forma estable como puntual, sexa en ámbitos pastorais concretos ou de cara á realización de actividades ou iniciativas pastorais. Igualmente poderá propoñer á AP a constitución de comisións de traballo se o estima oportuno, que estarán presididas por algúns dos membros da CP, e compostas por outros membros da AP ou incluso por persoas alleas ó Consello. Estas comisións presentarán sempre as súas suxestións ó CPA, que as estudará e decidirá se as toma en consideración ou non.

Art. 21.- Para que as reunións do CPA, tanto da AP como da CP, se celebren validamente requírese a asistencia do Presidente, ou quen faga as súas veces de acordo co art. 17, e a metade, cando menos, do resto dos seus membros.

Art. 22.- Ás reunións do CPA poderán ser invitadas ocasionalmente outras persoas se a súa asistencia é de interese polo tema a tratar. Terán voz pero non voto.

Art. 23.- As votacións no CPA terán ordinariamente carácter público, por man alzada. Se algúns membros o solicita, o presidente poderá acordar o carácter secreto da votación.

Rixeranse polo previsto no c. 119. 2 do CIC. En todo caso, dada a natureza do CPA, as decisións deberían ser tomadas por unanimidade ou por unha ampla maioria. O Presidente e a CP coidarán de buscar previamente ás votacións a maior unidade posible; incluso se o vise oportuno, o Presidente poderá aprazar o diálogo ou a votación ata a seguinte reunión, co fin de intentar un acordo.

Art. 24.- Pola propia natureza do CPA, todo acordo contrario ás disposicións universais ou particulares da Igrexa é de por si inválido.

CAPÍTULO V: DAS FACULTADES DO BISPO DIOCESANO NO CONSELLO PASTORAL ARCIPRESTAL

Art. 25.- Cando graves razóns pastorais o aconsellen, o Bispo Diocesano poderá destituir ós membros do CPA, oídos o presidente e o CPA, e tras conceder audiencia ao interesado ou interesados.

Art. 26.- Unha vez constituído validamente o CPA só poderá ser disolto polo Bispo Diocesano, por gravísimas razóns pastorais, unha vez oído o Arcipreste e valoradas prudentemente todas as circunstancias.

Art. 27.- A autoridade destes Estatutos dimana do Bispo da Diocese, a quen se someten para a súa aprobación. Idéntico procedemento terá lugar para a modificación ou renovación dos mesmos. Asemade, correspóndelle a el a súa interpretación, no caso de que presente algúns dúbida sobre o sentido dalgún do seus artigos.

6. O COLEXIO DE ARCIPRESTES

O Colexio de Arciprestes é un dos órganos diocesanos de comuñón que fomenta a actitude colexial, intensifica a colaboración dos arciprestes co Bispo e o Consello de Goberno, e axuda á realización dos plans diocesanos de pastoral, achegando unidade de criterios na marcha da Igrexa diocesana.

Está constituído por todos os arciprestes, o Bispo, o Vicario Xeral e os Vicarios episcopais.

6.1. Finalidade

- Fomentar a comuñón e a participación corresponsable en toda a Igrexa diocesana.
- Potenciar a pastoral de conxunto e a axuda aos sacerdotes e demás axentes de pastoral.
- Poñer en común as programacións arciprestais en coordinación coa programación diocesana.
- Intercambiar experiencias.
- Animar e revisar a acción pastoral de cada zona da Diocese.

6.2. Funcionamento

É convocado polo Bispo, que fixa a orde do día, reuníndose de xeito ordinario cada dous meses, cando o Bispo o considere necesario ou a maioría de arciprestes así o solicite.

O secretario do Colexio de Arciprestes encárgase de enviar a orde do día coa suficiente antelación, redactar as actas e os comunicados e informes oportunos.